


GUÍA DIDÁCTICA **XEACRONOS 1º ESO**



Materiais elaborados por:
Ramón Noche Fraga
Miguel Carricoba Armesto

Realizados durante unha licenza
de formación no curso 2013/14



1. *Apuntamentos*

Dispós de dous documentos co mesmo contido pero en distinto formato:

- Un en formato *.odt* para poder editalo cun procesador de textos convencional.
- Outro en formato *Libro* de Moodle, que permite unha mellor visualización do documento en internet.

A idea foi crear un documento base, partindo do proxecto curricular da nosa materia, sobre o que traballar o tema e que pode ser editado e modificado facilmente en cada un dos dous formatos.

Neste tema comézase por tratar o marco xeográfico das primeiras civilizacións e as novidades que trouxeron consigo para despois abordar a historia de Mesopotamia e de Exipto en base a unha estrutura común de contidos: etapas, aspectos socioeconómicos e aspectos culturais e artísticos.

- 1 O marco xeográfico das primeiras civilizacións.
- 2 Os cambios das primeiras civilizacións.
- 3 Mesopotamia.
 - 3.1 Etapas.
 - 3.2 Economía e sociedade.
 - 3.3 Cultura e arte.
- 4 Exipto.

- 4.1 Etapas.
- 4.2 Economía e sociedade.
- 4.3 Cultura e arte.

Fontes dos apuntamentos (baixo licenza CC):

- [Isaac Buzo](#).
- [Daniel Gómez Valle](#).



2. Recursos

Neste apartado dispós dos recursos web relacionados co tema que usamos nos apuntamentos anteriores e que aparecen sinalados cos iconos de:



Vídeo



Flash



Presentación

Recurso	Descrición
Cronoloxía de Mesopotamia	Animación flash con actividades (tradución o orixinal de Isaac Buzo)
Vídeo sobre o <i>zigurat</i> (1:41'')	Vídeo de arthistoria
Cronoloxía de Exipto	Animación flash con actividades (tradución o orixinal de Isaac Buzo)
Vídeo tumbas exipcias (3')	Vídeo de arthistoria
Vídeo templo de Karnak (1:48'')	Vídeo de arthistoria



3. Actividades

Neste apartado tes unha serie de actividades de repaso dos contidos e de profundización dos mesmos.

Actividade	Descrición
· Actividade de comprensión lectora	Cuestionario autoavaliabile de moodle

· Actividade en formato LIM de repaso e profundización do tema	Paquete de actividades de repaso e ampliación realizadas por JL Rodríguez Rodríguez
· Paseo 3D por Mesopotamia e Exipto	Tarefa moodle (subir arquivo) que consiste nunha redacción a partir do visionado dun fragmento de vídeo. A redacción está orientada, de xeito que deben aparecer de forma coherente unha serie de conceptos relacionados co vídeo.
· Definimos conceptos históricos	Tarefa con termos para a súa definición Para facer online ou en papel
· Comentario de texto	Comentario de texto sobre as bases económicas de Mesopotamia



4. Obradoiro TIC

Presentámosche unha actividade para que o alumnado desenvolva habilidades relacionadas coas ferramentas TIC. Neste caso trabállase a ferramenta web que permite, sen necesidade de rexistro, elaborar un **taboleiro virtual** no que compartir texto, imaxe e vídeo: padlet.



5. Enlaces

Aquí tes outros recursos web para que o alumnado reforce ou profundice distintos aspectos do tema.

Link	Descrición
· Materiais sobre as primeiras civilizacións	Materiais do proxecto Kairos (INTEF)
· Mesopotamia, país entre ríos	Webquest elaborada por Cecilia Quinteros (agrega)
· Exipto	Webquest (pntic MEC)
· Mapa de Exipto	Exemplo de uso de google maps para facer traballos colaborativos.

